



CONCELLO DE REDONDELA

### **ACTA DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DAS OBRAS DA AMPLIACIÓN DA AP-9**

Sendo as 19:00 horas do día 18 de maio de dous mil dezaseis reúnen-se, en primeira convocatoria no Multiusos PINAL DO CREGO de Chapela, os membros da Comisión de Seguimento das obras da ampliación da AP-9 seguintes:

NOME E APELIDOS	REPRESENTACIÓN
D. Javier Bas Corugeira -alcalde-	Alcalde
D. Arturo González Barbeito	PP
D. Miguel Angel Álvarez Ballesteros	PP
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> Carmen Amoedo Dasilva	PP
D. Mauro Álvarez Castro	PsdG-PSOE
D. Xavier Balsas Barbeira	BNG
D. Alfonso Blanco Pérez	AER
D. José Romero-Amich Nieto	Arquitecto municipal
Pola empresa GOC, S.A.	3 técnicos
D. Francisco Álvarez Airavella	As. Afectados AP-9
D. Rafael Baltasar Cela Acevedo	As. Afectados AP-9
D. Jesús Vázquez Lorenzo	As. Afectados AP-9
D. Francisco Puch Casal	As. Afectados AP-9
D. Cesar Domínguez Fernández	As. Afectados AP-9
D <sup>a</sup> . Angela Méndez Alonso	AA.VV. de Chapela
D. Juan Corugeira Cabaleiro	AA.VV. de Trasmañó
D. José María Leal López	AA.VV. De Trasmañó

actuando como secretaria de actas D<sup>a</sup>. Carme Pérez Vaquero, funcionaria do concello de Redondela, para tratar a seguinte

#### **ORDE DO DÍA**

- 1. ESTUDO PLANOS ALTERNATIVOS AOS DE FOMENTO PRESENTADOS POLA EMPRESA GOC, S.A.**
- 2. ROGOS E PREGUNTAS**

#### **1.- ESTUDO PLANOS ALTERNATIVOS AOS DE FOMENTO PRESENTADOS POLA EMPRESA GOC, S.A.**

Iníciase a sesión polo alcalde dando conta dos asistentes do motivo da xuntanza e facendo unha explicación sobre os planos que están sobre a mesa



CONCELLO DE REDONDELA

presentados pola empresa á que o concello encargou os traballos. Indica así mesmo que o que se pretendeu foi dar solucións aos colectivos afectados, con propostas asumibles nas que se plasmaron os aspectos finais que se pretendían para humanizar as rúas.

Toma a palabra o enxeñeiro da empresa GOC,S.A. José Antonio, facendo unha explicación dos planos da primeira actuación:

**PRIMEIRO TRAMO.-** Coller terreos do instituto para dar unha maior capacidade de aparcamento e fluidez para mellorar o tráfico.

O alcalde indica que tal e como se detalla parece que se dá resposta ao plantexado xa que se dá seguridade na zona e unha beirarrúa en todo o percorrido. Se quitan os autobuses e se crea unha nova dársena na beirarrúa da Avda.de Redondela, con capacidade para dous autobuses, aínda que isto terá que autorizalo Fomento. Indica tamén que a isleta non estaba contemplada pero que con esta actuación se regula o movemento de cambio de sentido, que se realiza actualmente sen nengunha canalización.

**SEGUNDO TRAMO.-** Retirar correos quedando un vial de 7 m. con dous carrís de 3 m. e 2 arcéns de 0,25 m. e aparcamento de 2 m. en liña máis beirarrúa.

O alcalde indica que lle parece mellor esta segunda opción. O enxeñeiro indica que en trazados urbanos con trazado recto e velocidade limitada, é dabondo con carrís de 3 m. e que coa solución proposta se evitan carrís excesivamente anchos, que probablemente se utilizarían para aparcar, se reserva unha franxa específica para o aparcadoiro e se dispón dunha beirarrúa única do lado das vivendas.

**TERCEIRO TRAMO.-** Audasa non plantexa nada. Xa que logo plantéxase dar continuidade á beirarrúa respectando as entradas e saídas ao aparcamento da igrexa.

O alcalde indica que é un tramo longo e recto e que hai un problema de aceleración polo que hai que buscar solucións, como podería ser unha beirarrúa máis ampla.

Mauro Álvarez (PSOE) indica que en vez de gañar ese ½ metro á beirarrúa se podía gañar para o aparcamento ao que lle contesta o enxeñeiro, José Antonio, que nese tramo xa existe o aparcamento da igrexa que se dispón nunha esquina do parque infantil e o ángulo actual entre a pasarela e a rampla. Así a ocupación do parque infantil se produce onde a pasarela queda máis alta (mais de 4 m. libres) e o desembarco da rampla se produce fóra do parque infantil e xunto á beirarrúa proposta para o vial.

**Pasarela.-** cambiase o apoio pero se respeta o acceso á pasarela en rampla.

**CUARTO TRAMO.-** Este é o máis complicado. Na proposta de Audasa o vial tería unha inclinación do 13%, o cal parece admisible para o tráfico rodado, pero non para a beirarrúa peonil. Habería que deixar dun solo sentido o vial que



## CONCELLO DE REDONDELA

actualmente baixa cara o lavadoiro, desta forma gañaríase desenvolvemento para suavizar a pendente da beirarrúa. Para que a inclinación peonil fose accesible, non debería superar o 8%. Na proposta presentada dispónse dun percorrido de ida e volta en rampla para o peatón, para gañar desenvolvemento dando unha rasante á beirarrúa independente da calzada. Por iso sería necesario un pequeno murete con barandilla para separar a beirarrúa do vial e resolver o salto entre ambos.

O alcalde pregunta se hai ou non escaleiras. Din que si, que hai dúas opcións, ademais na proposta prevese o traslado do lavadoiro fóra da futura ocupación do novo vial.

Cesar Dguez. Pregunta se se dispón de terreos recuperables.

O alcalde pregunta se segue habendo posibilidade de ampliar a beirarrúa. Din que si. O alcalde di que é partidario de que a beirarrúa sexa máis ancha xa que nese traxecto as velocidades son altas. O enxeñeiro, José Antonio, dí que é de 1,5 m. practicable e 1,80 m. adaptado. O alcalde insiste en que 2 m. de beirarrúa sería o máis razoable e que habería que buscar esa posibilidade, que as beirarrúas fosen de 2 m.

Xavier Balsas (BNG) dí que a velocidade máxima nese tramo debería ser 30 km/h. Polo que haberá que poñer lomos para controlala.

O alcalde indica que no último tramo AUDASA non entrou nin a contemplalo mentres que o concello si, lográndose coa nova proposta dar continuidade ao novo vial ata o paso superior de Pasán sobre a autopista mediante a ocupación da parcela dun dos edificios que se expropiará polas obras da ampliación desta. Con esta continuidade conséguese entre o instituto e Pasán un vial novo duns 500 metros de lonxitude, que quedarán ordenados, urbanizados, con seguridade peonil e con zonas de aparcadoiro, polo que sería casi unha avenida.

Francisco Puch dí que faltan moitos camiños e que hai que poñer enriba da mesa todo. Indica que non acaba de ver claro o aparcamento dos autobuses.

O enxeñeiro, José Antonio, indica que os autobuses impiden a visibilidade porque se estacionan ocupando a cuña da intersección actual, que non ten a anchura nin a lonxitude dabondo para ese uso. Coa nova dársena proposta duns 3 m. de anchura e máis alonxada da intersección, a visibilidade na mesma mellora significativamente.

Angela Méndez insiste en que tampouco hai visibilidade para os coches particulares ao que lle responde o alcalde indicando que non hai que deixar aparcado e xa está.

Mauro Álvarez pregunta canto vai máis aló a dársena.

Puch Casal indica que hai un conflito permanente de peatóns ao que lle contesta Carmen Amoedo dicíndolle que hai unha pasarela.



## CONCELLO DE REDONDELA

Cesar Domínguez di que a pasarela é un perigo pois o solo é esbaradizo. Insiste en que hai que modificar iso pois xa cairon varios rapaces, que será mellor poñer un paso de peóns despois da curva con semáforo para que cruce a xente.

O alcalde contéstalle dicindo que iso é complicado.

Puch Casal indica que a pasarela fíxose para os rapaces para o Pavillón de Deportes e que haberá que falar con FOMENTO para que busquen a solución definitiva. Indica así mesmo, que non se pode facer pasar á xente maior pola pasarela. Insiste en que deberá existir un semáforo regulador do tráfico. Considera que as cousas hai que facelas ben agora, pensa que hai que exisirlle a AUDASA que se molle.

O Alcalde indica que un semáforo solo non vale pero que se plantexará.

Cesar Dguez.di que no estudio contéplase unha rede de semáforos aproveitando as obras polo que poderá encaixarse un semáforo novo. Hai que pensar nas persoas maiores non somente nos rapaces. Pensa que este é o momento de forzar estas solucións.

O alcalde contéstalle que son varios os semáforos que se contemplan polo que efectivamente é unha regulación semaforica.

Puch Casal dí que leva 14 anos pedindo un sen conseguilo e que agora é o momento de facelo porque do contrario non se fará nunca.

O alcalde insiste en que pedirá que se regule unha rede semaforica.

**TRASMAÑO.-** O alcalde expñica que o plantexamento de AUDASA non lle gusta e polo tanto pediu outra. Isto non está dentro do proxecto é unha negociación asumida por eles e polo tanto haberá que acordala.

O enxeñeiro, José Antonio, indica que AUDASA plantexaba meter un unico itinerario peonil, polo lado de Rande do paso superior deixando libres 1,24 m. voando 70 cm.de estrutura metálica e ampliando a calzada de 5 a 5,5 m. (2,75 x carril). Na súa opinión 2,75 m. por carril na curva non é dabondo, en tramo recto si, pero en curva resulta excaso. Na solución mellorada que se plantexa, propónse o itinerario peonil polo lado Vigo do paso superior, cunha anchura de 1,50 m. no tramo sobre os muros do solo reforzado, xa descontada a anchura necesaria para os sistemas de contención de vehículos necesarios. Esta anchura redúcese a 1,30 m. no tramo anclado á vigas de paso, o que se consegue mediante unha redución da canaleta de servizos e unha pasarela metálica anclada cun voo de 1,10 m. fronte ós 70 cm.que voaba na solución plantexada por Audasa. Así se pasaría das dúas pequenas beirarrúas que existen na actualidade, cuns 60 cm.de paso libre cada unha, a unha única beirarrúa dun paso libre de 1,5 m. ou 1,3 m. segundo o tramo, o que constitúe unha significativa mellora para o peatón. A calzada plantexada nos tramos rectos anterior e posterior á curva, pasaría dos 5,50 m. propostos por Audasa a 5,80 m. o que proporcionaría carrís de 2,90 m. co que cada un tería 40 cm.máis dos que teñen na actualidade. Na curva sería necesario que a pasarela peonil



CONCELLO DE REDONDEIRA

voara totalmente, cun apoio puntual sobre o cargadeiro das vigas de paso, para liberar todo o ancho dispoñible para a calzada, o que permitiría alcanzar 3,10 m. por carril, e dicir, na curva cada carril podería ser 60 cm. máis ancho do que son agora.

O alcalde insiste en que o concello o que quere é solucionar os problemas e optimizar o que hai.

Juan Corugeira, di que hai que pasar do plantexamento de AUDASA e mellorar o existente. Os veciños queren que haxa vontade política para facer unha ponte de 8 m. Polo tanto consideran que é un problema de cartos e de vontade política facelo ou non facelo. Pensa que haberá que valorar o custe do novo plantexamento con respecto dunha ponte nova, tal e como piden eles. A solución que están dando non é o que a parroquia pide. Estase mellorando pero non é o que eles queren. Indica que realmente está decepcionado pois en FOMENTO dixeronlle que o ían coller con cariño para intentar facelo pero polo que se ve non o queren facer.

O alcalde insiste en que hai que intentar que AUDASA diga que si, que si hai compromiso de FOMENTO haberá que insistir para que realicen a obra. Que estar sempre cos plantexamentos de confrontación non é buscar solucións. Fomento di que é un problema do concello pero as cousas non son así.

Juan Corugeira insiste en que é unha mellora substancial para a parroquia. Indica que a rampa hai que levala abaixo e os peatóns terán que saír por algún sitio. Agora non está contemplado iso e así non poderá quedar. Hai que buscar unha solución para ter unha zona de cruce con semáforos ou paso de cebra.

Cesar Dguez. di que iso foi o plantexamento que fixeron hai tempo.

Mauro Álvarez pregunta se pasarán dous coches xuntos ao que lle responde José Antonio, o enxeñeiro de GOC, S.A., decíndolle que si pero turismos, que dous vehículos pesados non poderían pasar á vez se coinciden xusto na curva, aínda que si se cruzarían bastante mellor que agora nos tramos rectos anterior e posterior á curva.

O alcalde insiste en que isto son propostas.

**SUBIDA AO MOURIÑO.-** Estudian a posibilidade dunha sección de 6 m. de calzada máis unha beirarrúa ao lado das casas, fronte á proposta inicialmente plantexada por Audasa que contempla unha calzada de 7m. sen beirarrúa.

José Antonio, o enxeñeiro, explica o que eles consideran que sería unha solución que melloraría esa zona.

Pregúntanlle se é mellor beirarrúa ou aparcadoiro ao que contestas que nesa zona xa se aparca.

Carmen Amoedo di que cando se vai á farmacia na beirarrúa deberá cumprir con accesibilidade porque agora non cumpre. Respóndelle José Antonio que é



#### CONCELLO DE REDONDELA

complicado e difícil pois esa zona ten moita pendente e polo tanto é difícil facelo practicable, pero que se estudiará na solución que se presentará para esta zona.

Puch Casal pregunta polo edificio de correos. O alcalde contéstalle que aínda non está resolto.

O alcalde insiste en que seguirán dándose os avances necesarios para que todos teñan a información necesaria e que o que hai que buscar é que os vehículos baixen a velocidade para garantir unha maior seguridade, buscar que as calzadas queden con 6 ou 7 m. e cunhas beirarrúas amplas para os veciños.

E sendo as 21:00 horas levántase a xuntanza, do que como secretaria da mesma dou fe, asinando xunto co alcalde a presente acta.